

10.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE MARZO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 9/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 1 DE MARZO DE 2017.

Acordouse aprobar a acta núm. 9/2017 de data 1 de marzo de 2017.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar na rúa Pena Aguda núm. 10, en Lalín.

3.- LICENZA DE DEMOLICIÓN PARCIAL.

3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN para demolición parcial dunha edificación existente no lugar de Os Carballiños núm.31, parroquia de Vilatuxe – Lalín.

4.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para actuacións, mantemento e mellora de zonas comúns na rúa Areal, s/n - Lalín.

5.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

5.1.- Acordouse aproba o informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos e do Arquitecto Técnico Municipal sobre información urbanística da edificación e actividade de queixería, sita no lugar de Anzuxao–Madriñán.

6.- EXPEDIENTES DE SOLICITUDES PRAZAS PARKING ALDEA GRANDE.

6.1.- Acordouse aprobar varias solicitudes presentadas de abonos mensuais para praza de aparcamento, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

7.- ALTAS EN AUGA E SANEAMENTO.

7.1.- Acordouse dar de alta varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

9.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 16 DO P.X.O.M.

Quedou pendente para un mellor estudo.

10.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.

10.1.- Acordouse recoñecer a xubilación dunha empregada municipal.

10.2.- Acordouse aprobar as bases de selección para o nomeamento como funcionario/a interino/a por substitución do posto de axente notificador/a-conserxe deste Concello, durante o período de ausencia por incapacidade temporal do seu titular e ata a incorporación de este.

11.- FACTURAS E CONTAS.

11.1.- Acordouse aprobar as facturas Relación nº 00014 por importe de 46.785,22 €.

12.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES CONCELLEIROS DELEGADOS.

12.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento denominado “ACTUACIÓNS NOS LOCAIS SOCIAIS DE MONEIXAS E NOCEDA” por importe de 31.193,46 euros.

12.2.- Acordouse realizar un contrato menor de poda de árbores no Polígono Industrial Lalín 2000 do Concello de Lalín.

12.3.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 53,90 €.

12.4.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social, para sufragar gastos derivados de atención sanitaria non cuberta polos sistemas públicos de saúde, por importe de 181 €.

12.5.- Acordouse reintegrar ° Tenente de Alcalde do Concello de Lalín e Concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Benestar Social, Saúde Pública, Eventos deportivos e Xestión do Lalín Arena, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo

12.6.- Acordouse recoñecer a obriga por importe de 4.009,60 €.

12.7.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN FEBREIRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

12.8.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN FEBREIRO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

12.9.- Acordouse a concesión de premios (segundo as bases reguladoras) nas diferentes categorías a:

- a) Xoven Empresaria.
- b) Empresaria Innovadora.
- c) Traxectoria profesional “toda unha vida”.
- d) Mulleres en movemento.

12.10.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do “Concurso de Carrozas da XIIXª Feira do Cocido de Lalín”.

12.11.- Acordouse aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA de gastos de realización do “CICLO DE MÚSICA NA RÚA” ao abeiro da LIÑA 3. Actividades culturais, educativas e sociais, actividades deportivas e actividades sociais do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016).

13.- CORRECCIÓN DE ERROS.

13.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 20 de febreiro de 2017.

13.2.- Acordouse corrixir o erro padecido no Anexo I. Cadro de características do contrato “*Subministración de material de oficina para o Concello de Lalín*”, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 20 de febreiro de 2017.

14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

14.1.- Dáse conta do escrito remitido pola Deputación de Pontevedra-Servizo de Cooperación achegando Resolución Presidencial, autorizando ó Concello de Lalín a reinvestir a baixa xerada no investimento “*Acondicionamento de local no estadio Manuel A Cortizo e acondicionamento de pistas cubertas no Lalín Arena*” .

14.2.- Dáse conta da solicitude presentada para autorización municipal

para poder aparcarse no aparcamento do Campo de Fútbol con motivo dunha concentración de coches antigos.

14.3.- Concedese autorización municipal para pernoctar en Lalín no pavillón municipal cun grupo de 60 persoas (50 alumnos e 10 monitores), con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela.

14.4.- Dáse conta da proposta de baixa voluntaria por incorporación a outro posto de traballo, do Director do obradoiro de emprego “Rivero Social Lalín”.

14.5.- Dáse conta do escrito no que comunica a inscrición de parcela.
